Concello de AMES

| ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE AMES |
|---|
| Exercicio 2022 |
| MEMORIA DA ALCALDÍA |

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2022, cuxo importe ascende a **28.707.012,61 euros.**

O orzamento para 2022 aproxímase aos 29 millóns de euros, o mesmo evidencia o compromiso no investimento e desenvolvemento de servizos que presta o Concello. Caracterízase por unha máxima eficiencia dos recursos públicos garantindo a prestación dos servizos básicos, así como os servizos de conciliación que volven a incrementarse, e os servizos sociais, como evidentes compromisos da acción deste Goberno. O incremento da inversión ben garantida pola sustentabilidade orzamentaria e financeira que garante o cumprimento do pago aos provedores do Concello que prestan os servizos e executan as obras municipais.

Este orzamento acude ao endebedamento tan só para o financiamento por importe de 303.143,00 euros destinada a manter o nivel de investimentos deste anos.

O Orzamento responde aos obxectivos e actuacións que fundamentan a mellora dos servizos básicos (saneamento, abastecemento, mantemento de parques...) servizos sociais e de benestar social, así como o mantemento dos servizos públicos básicos de conciliación, promoción deportiva, cultural e económica, que terán un impulso nesta anualidade, adaptándose ás características da situación actual e da poboación Amesá, na que se fai precisa a adopción de políticas proactivas que impulsen a recuperación empresarial e unha ampla cobertura social.

Unha vez mais, no orzamento de 2022, o sexto consecutivo no Concello, o capítulo de persoal terá un reforzo considerable cunha partida que se verá incrementada pola subida salarial e a dotación de crédito especial para políticas de persoal, á falta dunha flexibilización da taxa de reposición que impide o incremento necesario do plantel municipal que demanda un Concello como o de Ames onde a poboación está en continuo crecemento, ao igual que os servizos.

Na presente Memoria explícanse as principais características do orzamento, así como as modificacións máis importantes introducidas respecto ao anterior.



DATA DE SINATURA: 01/03/2022
HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21D14FF2E130D6645B8
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
JOSÉ BLAS

**Orzamento de gastos:**

| GASTOS | 2021 | 2022 | Diferenzas | % total con respecto a 2020 |
|---|---|---|---|---|
| CAPÍTULO 1.- Gastos do Persoal | 9.331.569,90 € | 9.868.919,26 € | 537.349,36 | 5,76% |
| CAPÍTULO 2.- Gastos correntes en bens e servizos | 12.841.654,32 € | 13.468.346,47 € | 626.692,14 | 4,88% |
| CAPÍTULO 3.- Gastos financeiros | 10.623,31 € | 30.000,00 € | 19.376,69 | 182,40% |
| CAPÍTULO 4.- Transferencias correntes | 1.383.820,46 € | 1.390.508,04 € | 6.687,58 | 0,48% |
| CAPÍTULO 5.- Fondo de Contixencia | - € | - € | | 100,00% |
| **Gastos correntes** | **23.567.667,99 €** | 24.757.773,77 € | **1.190.105,77** | 5,05% |
| CAPÍTULO 6.- Investimentos reais | 6.164.303,64 € | 3.852.346,11 € | -2.311.957,53 | -37,51% |
| CAPÍTULO 7.- Transferencias de capital | 7.800,00 € | 10.213,46 € | 2.413,46 | 0 |
| **Gastos de capital** | **6.172.103,64 €** | 3.862.559,57 € | **-2.309.544,07** | -37,42% |
| **TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS** | **29.739.771,63 €** | **28.620.333,34 €** | **- 1.119.438,30 €** | -3,76% |
| CAPÍTULO 8.- Activos financeiros | 12.000,00 € | 12.000,00 € | 0,00 | 0,00% |
| CAPÍTULO 9.- Pasivos financeiros | 137.045,40 € | 74.679,27 € | -62.366,13 | 0,00% |
| **Gastos Financeiros** | **149.045,40 €** | **86.679,27 €** | **-62.366,13** | -41,84% |
| **TOTAL GASTOS** | **29.888.817,03** | **28.707.012,61** | -1.181.804,43 | -3,95% |

**Orzamento de ingresos:**

| INGRESOS | 2021 | 2022 | Diferenzas | % total con respecto a 2020 |
|---|---|---|---|---|
| CAPÍTULO 1.- Impostos directos | 8.572.423,63 € | 8.530.567,95 € | -41.855,68 | 29,72% |
| CAPÍTULO 2.- Impostos indirectos | 650.000,00 € | 880.294,00 € | 230.294,00 | 3,07% |
| CAPÍTULO 3.- Taxas e outros ingresos | 6.783.959,44 € | 6.635.650,95 € | -148.308,49 | 23,12% |
| CAPÍTULO 4.- Transferencias correntes | 9.397.414,07 € | 10.208.009,84 € | 810.595,77 | 35,56% |
| CAPÍTULO 5.- Ingresos patrimoniais | 44.500,00 € | 75.000,00 € | 30.500,00 | 0,26% |
| **Ingresos correntes** | **25.448.297,14 €** | **26.329.522,74 €** | **881.225,60 €** | **91,72%** |
| **TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS** | **25.448.297,14 €** | **26.329.522,74 €** | **- 530.852,06 €** | **98,78%** |
| CAPÍTULO 6.- Alleamento de investimentos reais | | **- €** | **0,00** | **0,00%** |
| CAPÍTULO 7.-Transferencias de capital | 3.440.623,88 € | 2.028.546,22 € | -1.412.077,66 | 7,07% |
| **Ingresos de capital** | 28.888.921,02 | 28.358.068,96 | -1.412.077,66 | 7,07% |
| CAPÍTULO 8.- Activos financeiros | 12.000,00 € | 12.000,00 € | 0,00 | 0,04% |
| CAPÍTULO 9.- Pasivos financeiros | 987.896,01 € | 336.943,65 € | -650.952,36 | 1,17% |
| **Ingresos Financeiros** | **999.896,01** | **348.943,65** | **-650.952,36** | **1,22%** |
| **TOTAL INGRESOS** | **29.888.817,03** | **28.707.012,61** | **-1.181.804,42** | **-3,95%** |



DATA DE SINATURA: 01/03/2022
HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21D14FF2E130D6645B8
DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

Neste orzamento de 2022 prodúcese unha baixada nos ingresos e gastos con respecto ao exercicio 2021 de un 3,95%.

Este decremento débese, fundamentalmente a que nestes últimos tres anos recolleuse nos orzamentos as previsións das distintas anualidades EDUSI-Impulsa Ames. Este é o primeiro exercicio no que non se recollen nas previsións iniciais os investimentos derivados da EDUSI, os remanentes de crédito dos proxectos sen executar a 31 de decembro de 2021 serán incorporados ao 2022.

Estes orzamentos seguen a apostar polo mantemento, mellora e ampliación dos servizos municipais que xa se viñan prestando, axuda a domicilio, servizos de conciliación, e a ampliación de servizos básicos que supoñen unha mellora con respecto aos que xa se viñan prestando, é co caso do servizo de limpeza viaria ou o mantemento de parques e xardíns.

En canto ao capítulo de investimentos ascende o mesmo ascende a 3.852.346,11 euros, estes investimentos teñen como obxectivo de realizar importantes melloras nas infraestruturas e servizos que se detallan no anexo de investimentos, entre as que destacan as melloras das redes de saneamento, abastecemento e pluviais, investimentos en camiños veciñais do rural, obras de pavimentación e urbanización de vías públicas, investimento en proxectos de mellora de eficiencia enerxética, acondicionamento de espazos múltiples, obras en infraestruturas deportivas, investimento en promoción turística, en promoción da actividade empresarial e investimentos no rural.

Polo tanto estamos ante un orzamento no que se reflexa un claro esforzo polo mantemento dos servizos públicos mellorando e incrementando os servizos municipais e onde as taxas e prezos públicos se manteñen (ou mesmo se reducen nalgúns casos) sen que se produza un incremento nos tipos impositivos salvo incrementos que responden a evolución normal dos servizos.

Non obstante, parte das cuestións abordades nesta memoria figuran recollidas tamén -e en ocasións ampliadas- no Informe económico-financeiro que figura no expediente.

## 1. EN RELACIÓN AOS INGRESOS

Respecto aos ingresos neste exercicio mantense o tipo impositivo do IBI respecto ao 2021 e manténense os tipos impositivos do resto dos impostos municipais, si ben observase un descendo fundamentalmente no IBI e no Imposto de Incremento do Valor dos terreos de natureza urbana, debido os últimos cambio lexislativos que modifican a Lei de facendas locais para introducir un novo método de cálculo deste imposto.



DATA DE SINATURA: 01/03/2022
HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
...OSE BLAS...
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21D14FF2E130D6645B8
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| Partida | DENOMINACIÓN | PRESUPUESTO 2021 | PRESUPUESTO 2022 | DIFERENCIA |
|---|---|---|---|---|
| **112.00** | IBI rústica | 11.612,75 | 11.422,44 | -190,31 |
| **113.00** | IBI urbana | 6.560.000,00 | 6.478.687,58 | -81.312,42 |
| **114.00** | IBI características especiales | 810,88 | 810,88 | 0,00 |
| **115.00** | IVTM | 1.180.000,00 | 1.204.700,00 | 24.700,00 |
| **116.00** | IIVTNU | 450.000,00 | 419.800,00 | -30.200,00 |
| **130.00** | IAE | 320.000,00 | 315.147,05 | -4.852,95 |
| | Inspección IAE | 50.000,00 | 100.000,00 | 50.000,00 |
| | **CAPÍTULO 1** | ***8.572.423,63*** | **8.530.567,95** | ***-41.855,68*** |

No que respecta os **impostos indirectos** pode observarse un incremento notable nas previsións iniciais do Imposto de construcións instalacións e obras debido ao importante avance ao longo do pasado ano en proxectos de calado que verán a luz ao longo do 2022.

Polo servizo de urbanismo infórmase que no exercicio 2022 tense previsto a concesión de distintas licenzas de proxectos importantes tales como as licenzas de construción de bloques de vivendas no S15, así como a posta en marcha de novas Residencias de iniciativa privada no Milladoiro e novas construcións no polígono industrial do Milladoiro. Dita previsión do servizo ascende a 730.294,00 euros. En base ao anterior consignáronse no orzamento 880.294,00 euros, tendo en conta ademais os expedientes de inspección.

| Aplic. | DENOMINACIÓN | ORZAMENTO 2021 | ORZAMENTO 2022 | DIFERENZAS | % |
|---|---|---|---|---|---|
| 290.00 | ICIO | 650.000,00 | 880.294,00 | 230.294,00 | 0,35% |

No que respecta ás **taxas e prezos públicos**, fonte de financiamento dos principais servizos municipais, con respecto ao exercicio 2022, pode observarse un lixeiro descendo con respecto a 2021. A crise da COVID-19 incidiu na recadación de taxas e prezos públicos de distintos servizos, que no último ano se tiveron que suspender en distintas ocasións. Non obstante o principal descendo ven motivado pola recadación do prezo públicos nas escolas infantís municipais  (-193.375,82 euros) debido a gratuidade do servizo establecida pola Xunta de Galicia e que será compensada a través do Plan Concertado de Servizos Sociais.



DATA DE SINATURA: 01/03/2022
HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21D14FF2E130D6645B8
JOSE BLAS

Concello de AMES

| Aplica | DENOMINACIÓN | ORZAMENTO 2021 | ORZAMENTO 2022 | DIFERENZAS | % |
|---|---|---|---|---|---|
| **300.00** | Taxa subministro de auga | 1.545.000,00 | 1.664.552,48 | 119.552,48 | 0,08 |
| **300.01** | Taxa enganche | 14.000,00 | 15.000,00 | 1.000,00 | 0,07 |
| **301.00** | Taxa de saneamento | 1.115.000,00 | 1.136.141,72 | 21.141,72 | 0,02 |
| **301** | Taxa acometidas saneamento | 0,00 | 6.000,00 | 6.000,00 | 1,00 |
| **302.00** | Taxa servicio recollida e tratamento RSU | 1.250.000,00 | 1.259.768,04 | 9.768,04 | 0,01 |
| **311.00** | Taxa SAF | 86.000,00 | 144.792,00 | 58.792,00 | 0,68 |
| **319.00** | Taxa comedor escolar | 996.647,00 | 933.943,00 | -62.704,00 | -0,06 |
| **321.00** | Taxa actividades urbanísticas | 100.000,00 | 90.000,00 | -10.000,00 | -0,10 |
| **325.00** | Taxa expedición de documentos | 9.000,00 | 12.000,00 | 3.000,00 | 0,33 |
| **329.00** | Taxa por apertura establecementos | 18.000,00 | 23.000,00 | 5.000,00 | 0,28 |
| **329.01** | Taxa licencias taxi | 280,00 | 70,00 | -210,00 | -0,75 |
| **329.02** | Taxa actividade administrativa cemiterio | 790,00 | 1.000,00 | 210,00 | 0,27 |
| **331.00** | Taxa por entrada de vehículos a través da vía pública | 89.436,14 | 88.523,27 | -912,87 | -0,01 |
| **331.00** | Taxa por entrada de vehículos a través da vía pública | 50.000,00 | 50.000,00 | 0,00 | 0,00 |
| **332.00** | Taxa aproveitamento especial empresas explotad.servizos de subminístroos | 360.000,00 | 267.000,00 | -93.000,00 | -0,26 |
| **333.00** | Taxa utilización privativa telecomunicacións | 35.000,00 | 26.000,00 | -9.000,00 | -0,26 |
| **338.00** | Compensación de telefónica de España S.A. | 57.000,00 | 60.736,69 | 3.736,69 | 0,07 |
| **339.01** | Outras taxas utiliz privativa | 7.300,00 | 7.281,42 | -18,58 | 0,00 |
| **339.04** | Taxa caixeiros | 5.679,04 | 11.358,08 | 5.679,04 | 1,00 |
| **339.02** | Taxa mesas e cadeiras | 4.726,44 | 31.685,31 | 26.958,87 | 5,70 |
| **339.03** | Taxa vodas civís | 1.700,00 | 1.700,00 | 0,00 | 0,00 |
| **342.00** | Prezo público activ. Educativa | 60.000,00 | 53.905,50 | -6.094,50 | -0,10 |
| **342.01** | Prezo público servizo Bos Días Cole | 124.000,00 | 137.635,50 | 13.635,50 | 0,11 |
| **342.02** | Prezo público servizo Tardes Divertidas | 68.000,00 | 61.994,50 | -6.005,50 | -0,09 |
| **342.03** | P. Público centro atención primeira idade | 202.106,52 | 8.730,70 | -193.375,82 | -0,96 |
| **343.00** | Prezo público instalacións deportivas municipais | 8.000,00 | 16.800,00 | 8.800,00 | 1,10 |
| **343.02** | P. Publico Escolas Deportivas | 27.000,00 | 41.100,00 | 14.100,00 | 0,52 |
| **343.03** | Prezo Público natación verán | 1.800,00 | 2.025,00 | 225,00 | 0,13 |
| **349.00** | P. Público actividades xuvenís. | 15.200,00 | 17.050,00 | 1.850,00 | 0,12 |
| **349.01** | P. Publico Programa Actividades culturais | 5.000,00 | 3.450,00 | -1.550,00 | -0,31 |
| **349.02** | Prezo público EMMA | 63.988,00 | 55.000,00 | -8.988,00 | -0,14 |
| **349.03** | Prezo público por utilización de Centros S.C. | 1.000,00 | 400,00 | -600,00 | -0,60 |
| **349.04** | Prezo público actividades de Medio Ambiente | 20.000,00 | 31.550,00 | 11.550,00 | 0,58 |



DATA DE SINATURA: 01/03/2022
HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21D14FF2E130D6645B8
JOSE BLAS
DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE
Comprobación de autenticidade na Sede Electrónica Municipal

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **349.05** | Prezo público cemiterio | 2.595,66 | 3.381,74 | 786,08 | 0,30 |
| **391.00** | Multas por infraccións urbanísticas | 0,00 | 5.050,00 | 5.050,00 | 1,00 |
| **391.10** | Multas por infraccións Tributarias | 36.000,00 | 3.796,00 | -32.204,00 | -0,89 |
| **391.20** | Multas por infraccións circulación | 150.000,00 | 120.000,00 | -30.000,00 | -0,20 |
| **391.90** | Outras multas e sancións | 36.000,00 | 20.000,00 | -16.000,00 | -0,44 |
| **392.00** | Recargos por declaración extemporánea | 0,00 | 100,00 | 100,00 | 1,00 |
| **392.10** | Recargo executivo | 1.000,00 | 130,00 | -870,00 | -0,87 |
| **392.11** | Recargo de apremio | 115.000,00 | 100.000,00 | -15.000,00 | -0,13 |
| **393.00** | Xuros de demora | 44.000,00 | 48.000,00 | 4.000,00 | 0,09 |
| **398.00** | Indemnizacións seguros | 5.000,00 | 35.000,00 | 30.000,00 | 6,00 |
| **399.00** | Outros ingresos diversos | 18.000,00 | 40.000,00 | 22.000,00 | 1,22 |
| | **CAPÍTULO 3** | 6.783.959,44 | 6.635.650,95 | -148.308,49 | -0,02 |

Por outra banda, amósase un incremento das **transferencias correntes** con respecto ao exercicio 2021 debido a que neste exercicio o importe orzamentado na participación de tributos do Estado incrementouse con respecto a 2021 en 639.292,96 euros. Prodúcese un incremento nas previsións de transferencias da Administración da Comunidade Autónoma, fundamentalmente polo incremento previsto na subvención do Plan Concertado para 2022, sen embargo segue a manterse sen ningún incremento o Fondo de Cooperación Local dependente da Comunidade Autónoma.

No que se refire ás transferencias da Deputación Provincial, concretamente no Plan Provincial de Obras e Servizos (POS+ 2022) dunha contía total de 1.720.517,43 euros destínase neste exercicio un importe que ascende a 157.736,37 euros a gasto corrente (achega extraordinaria gastos sociais), que responde aos cambios no funcionamento e financiamento do POS que xa tiveron lugar nas anualidades anteriores.

Os principais **investimentos** (Capítulo VI) previstos neste orzamento de 2022 por importe de 1.961.125,28 euros estarían financiándose a través do capítulo VII de ingresos, que se corresponden coas subvencións de capital do POS + 2022 (1.562.781,06 euros), fondos europeos do IDAE para mellora de alumeado no rural (198.123,89 euros), fondos do AGADER (28.923,92 euros), fondos da Xunta do programa Rede Natura (24.200,00 euros), fondos para actuación en materia de bioresiduos (65.122,97 euros), fondos da Axencia Galega de Infraestruturas e o concello de Ames para o acondicionamento da AC-544 dende a intersección coa Avenida da Maía ata o p.q 0+610 (81.973,94 euros).



DATA DE SINATURA: 01/03/2022 HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21D14FF2E130D6645B8
DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

Concello de AMES

Destacar o importe dos investimentos financiados con fondos propios que ascenden a 1.588.077,83 euros entre os que destacan os investimentos vinculados  ao Ciclo Integral da Auga, que neste exercicio ascenden a 256.081,76 euros.

En canto ao financiamento de **investimentos** por **operacións financeiras** contémplanse varias obras por importe total de 303.143,00 euros, cuxo financiamento responde a un préstamo.

Polo tanto, neste exercicio o **endebedamento** municipal con entidades financeiras responde á achega municipal obrigatoria para os proxectos de investimento do DUSI-Impulsa Ames e que son os seguintes:

| Anualidade | Tipo | órgano Xestor | Número | PROGRAMA | ECONÓMICA | Denominación | Importe previsto | OPERACIÓN ENDEBEDAMENTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **2022** | 2 | PRES. | 1 | 132 | 62200 | Acondicionamento e climatización das dependencias policía local Bertamiráns | 35.000,00 | 35.000,00 |
| **2022** | 2 | PRES. | 2 | 132 | 64100 | Software xestión policía local | 25.000,00 | 25.000,00 |
| **2022** | 2 | PRES. | 3 | 132 | 62900 | Test de detención de drogas | 15.000,00 | 15.000,00 |
| **2022** | 2 | PRES. | 4 | 133 | 62700 | Estudo conexión tráfico Polígono coa AG 56 | 18.000,00 | 18.000,00 |
| **2022** | 2 | PRES. | 5 | 151 | 62700 | Modificacións puntuais PXOM. Rúa Alcarraza, Pedregal, CEIP. Maía, Polígono | 38.000,00 | 38.000,00 |
| **2022** | 2 | PRES. | 6 | 151 | 62100 | Expropiación parcela campo festa Trasmonte (Ferreira). | 45.000,00 | 45.000,00 |
| **2022** | 2 | PRES. | 7 | 164 | 62200 | Mellora Sala Velatorio Cemiterio Municipal | 9.000,00 | 9.000,00 |
| **2022** | 2 | PRES. | 8 | 2411 | 63200 | Arranxo cuberta superior Centro Emprego Aldea Nova | 9.500,00 | 9.500,00 |
| **2022** | 2 | PRES. | 9 | 3321 | 62200 | Reforma na biblioteca de Milladoiro e Bertamiráns: bebeteca. Adquisición de armarios e novas estanterías. | 8.000,00 | 8.000,00 |
| **2022** | 2 | PRES. | 10 | 3341 | 62200 | Climatización na Casa da Cultura de Bertamiráns e Milladoiro e acondicionamento da aula 2-3 do Milladoiro para adaptala a actividades | 15.000,00 | 15.000,00 |
| **2022** | 2 | PRES. | 11 | 3342 | 62200 | Adaptación e investimentos no | 8.000,00 | 8.000,00 |



DATA DE SINATURA: 01/03/2022
HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21D14FF2E130D6645B8
JOSE BLAS
DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

| Anualidade | Tipo | órgano Xestor | Número | PROGRAMA | ECONÓMICA | Denominación | Importe previsto | OPERACIÓN ENDEBEDAMENTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Local de Ensaio A Factoría. | | |
| **2022** | 2 | PRES. | 12 | 342 | 62300 | Reparación acceso exterior pavillón Barouta | 25.643,00 | 25.643,00 |
| **2022** | 2 | PRES. | 13 | 4311 | 60900 | Ampliación mercadillo | 5.000,00 | 5.000,00 |
| **2022** | 2 | PRES. | 14 | 920 | 62600 | Adquisición de aplicativo control fichaxes | 27.000,00 | 27.000,00 |
| **2022** | 2 | PRES. | 15 | 933 | 62200 | Acondicionamento dependencias pediatría Milladoiro para policía local, Rexistro e protección Civil | 20.000,00 | 20.000,00 |
| | | | | | | **TOTAIS** | **303.143,00** | **303.143,00** |

Así mesmo contémplanse unha operación de préstamo coa Deputación Provincial que ascende a 33.800,65 euros responde unicamente a amortización anticipada do préstamo DUSI 2018.

## 2. EN RELACIÓN AOS GASTOS.

O estado de gastos para 2021 amosa unha aposta pola mellora e mantemento dos servizos que se veñen prestando e a ampliación e incorporación de servizos incrementando o crédito asignado a cada unha das áreas, en especial a área de servizos de asistencia social e promoción social, así como nas áreas educativa (comedores, servizos de conciliación), benestar social e promoción da saúde, urbanismo.

En canto aos gastos de **persoal** (capítulo I) o crédito total asignado a persoal sitúase nos  9.868.919,26 euros, o que amosa a aposta clara polo reforzo no emprego público, no que a estabilización será un factor clave tras as últimas reformas lexislativas que obrigan a ter aprobadas as convocatorias de estabilización antes de que finalice o mes de decembro de 2022. Consignase crédito  para adecuacións retributivas singulares (60.000 euros), para dar resposta as demandas realizadas coa negociación dos cadros de persoal que acompañan a este orzamento en sendas mesas de negociación do 23 e 25 de febreiro de 2022.

O presente orzamento recolle o incremento salarial previsto na Lei de orzamentos xerais do estado para 2022 que supón un 0,3% de incremento, así mesmo inclúense os gastos correspondentes ás últimas modificacións da RPT tramitadas e que o Goberno leva realizando en política de recursos humanos nos últimos seis anos.



DATA DE SINATURA: 01/03/2022
HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21D14FF2E130D6645B8
JOSE BLAS

**O importe do Capítulo I** incrementa para 2022 as partidas para gratificacións, horas extras, para adecualas ao gastos efectivamente realizado en 2021, e mantén os complementos de festividade e nocturnidade e fondo social.

Prevese a contratación temporal de persoal para continuar con programas concretos como o Plan Ames Progresa e a EDUSI, programa Integrado, Axente de innovación e aquelas que respondan a necesidades urxentes ou inaprazables en servizos prioritarios ou programas concretos subvencionados. En calquera caso, consígnase crédito para atender a contratacións temporais derivadas de programas temporais e tamén se recolle unha bolsa para posibles substitucións de 50.000 euros.

O capítulo I supón un 0,34% do orzamento total, a porcentaxe sitúase na liña dos últimos dous orzamentos.

A estrutura retributiva no orzamento no capitulo 1 para 2022 queda establecida da seguinte maneira:

| Gastos de persoal | Importe |
|---|---|
| **Anexo de funcionarios** | 2.531.647,70 |
| **Anexo de funcionarios por programas** | 342.762,72 |
| **Anexo persoal laboral fixo** | 3.421.071,28 |
| **Anexo persoal laboral temporal** | 132.272,94 |
| **Anexo órganos de Goberno** | 408.452,56 |
| **Anexo persoal eventual** | 142.897,23 |
| **Bolseiros** | 1.250,00 |
| **Substitucións de persoal** | 50.000,00 |
| **Negociación segunda fase da RPT (adecuacións retributivas singulares)** | 60.000,00 |
| **Compensación Policía festivos e nocturnos** | 135.000,00 |
| **H.E. Persoal laboral** | 39.000,00 |
| **Gratificacións** | 175.000,00 |
| **Horas Complementarias** | 11.000,00 |
| **Seguros** | 6.370,00 |
| **Fondo de Acción Social** | 60.000,00 |
| **Seguridade Social** | 2.352.194,83 |
| **Total** | **9.868.919,26** |



DATA DE SINATURA: 01/03/2022
HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21D14FF2E130D6645B8
DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

**O capítulo II** do estado de gastos reflicte todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo dos servizos, figurando dotados todos estes compromisos de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento das prestacións.

| GASTOS | 2021 | 2022 | Diferenzas |
|---|---|---|---|
| **CAPÍTULO 2.- Gastos correntes en bens e servizos** | 12.841.654,32 € | 13.468.346,47 € | 626.692,14 |

Así mesmo neste exercicio prevese o inicio do contrato de  servizo de limpeza viaria que supón un importe anual de 1.055.489,71 euros , que se iniciara nos mes de xullo e que permitirá ampliar e mellorar o servizo actual e o inicio de novas licitacións para ampliar e mellorar servizos como pode ser o mantemento de parques e xardíns e parques infantís.

As aplicacións que forman este capítulo teñen reflectida as actualizacións contractuais nos casos que procedan por estar así previstas nos PCAPs reguladores do contrato.

**Análise funcional do gasto**

Área de gasto 1: Comprende esta área todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os municipios. Hai catro políticas de gasto básicas: seguridade e mobilidade cidadá, vivenda e urbanismo, benestar comunitario e medio ambiente. Os servizos de competencia municipal manterán un alto nivel de calidade e chegarán a máis cidadáns. O obxectivo é unha xestión máis eficiente dos recursos orzamentarios e os seus empregos, priorizándose os empregos e garantindo a calidade e cantidade das prestacións. Aparece aquí recollida a área de gasto de Axenda Urbana de nova creación neste exercicio,  para dar cabida a elaboración da Axenda Urbana deste concello que nos permitirá afrontar novos investimentos unha vez rematados os investimentos da estratexia Urbana EDUSI.

Os servizos públicos básicos que reflicte os servizos de Seguridade e Orde Público, xestión e tratamento de residuos, limpeza viaria, urbanismo, medio ambiente, servizo de alumeado, mantemento de parques e xardíns, parques infantís  vías públicas, representa 38,97% do gasto do orzamento total, evidentemente, os servizos públicos básicos constitúen a estrutura básica desta entidade, na que se sustentan a totalidade dos servizos fundamentais que se prestan aos cidadás e reflicten a totalidade dos previstos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Destaca ademais na área de Medio Ambiente a continuación programa de Plan de prevención de incendios que cumpre o cuarto ano de vida.

Área de gasto 2, a constitúen as actuacións de protección e promoción social, na que se inclúen entre outras as de acción social e emprego que supoñen un 10,9% do orzamento. Cabe destacar a forte aposta pola área de gasto de Benestar social, que dará resposta ás necesidades de persoas en risco de exclusión e situación de vulnerabilidade social ofrecéndolle unha contía económica para poder cubrir as súas necesidades, así como facilitar a súa inclusión social.



DATA DE SINATURA: 01/03/2022 HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21D14FF2E130D6645B8
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

Dentro desta área sitúase o fomento do emprego, programando distintos obradoiros no centro de emprego e programas integrados, que permiten manter e mellorar as políticas sociais de emprego que inciden directamente na sociedade, así como novos investimentos para a mellora da prestación e de axuda aos emprendedores, como é a implantación definitiva do centro colaborativo de coworking.

Tamén merece ser destacada a área de gasto 3 na que se encadra educación e servizos complementarios de educación, cultura, mocidade e deporte, que incrementa o crédito asignado respecto do orzamento do 2021 e que representa un 29% do orzamento total incrementándose un 3% con respecto ao orzamento de 2021.

Nos casos das áreas de Cultura, mocidade e Deporte, a aposta polos servizos prestados a través destas áreas move a un gran número de veciñanza, asentándose no calendario de eventos anuais e fomentando a vida no Concello aínda no marco da Covid-19. Estas áreas son xa unha marca de identidade do Concello de Ames como Concello prestador de servizos de calidade.

A área de gasto 4 recolle as políticas en materia de promoción do comercio e o turismo. Cabe destacar a aposta do concello por novas actividades na área de promoción do comercio que contribúen á promoción e desenvolvemento do comercio local e do turismo e pretende dar un impulso a actividade económica no marco do Plan Ames Progresa para o que se está a facer un esforzo de cara a acadar unha reactivación económica plena.

Nesta área sitúanse as actuacións nas infraestruturas no rural, apostando por unha mellora das infraestruturas e do seu mantemento. Desde o Goberno planifícanse diferentes plans de actuación no Rural, como son; Plan de Saneamento e abastecemento, o Plan de Obras e o Plan de limpeza no rural e a limpeza no rural. Esta área supón un 5,06% do orzamento total.

| | **ÁREA DE GASTO :** | **2022** | **%** |
|---|---|---|---|
| **0** | DEUDA PÚBLICA. | 79.679,27 | 0,278 |
| **1** | SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS. | 11.104.525,02 | 38,682 |
| **2** | ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL. | 3.122.254,96 | 10,876 |
| **3** | PRODUCCIÓN DE BIENES PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE. | 8.335.121,70 | 29,035 |
| **4** | ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO. | 1.453.191,96 | 5,062 |
| **9** | ACTUACIONES DE CARÁCTER GENERAL. | 4.612.239,70 | 16,067 |
| | TOTAL | **28.707.012,61** | |



DATA DE SINATURA: 01/03/2022
HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21D14FF2E130D6645B8
DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

| | ÁREA DE GASTO : | 2022 | 2021 | DIFERENCIA |
|---|---|---|---|---|
| 0 | DEUDA PÚBLICA. | 79.679,27 | 140.045,40 | -60.366,13 |
| 1 | SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS. | 11.104.525,02 | 11.647.803,01 | -543.277,99 |
| 2 | ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL. | 3.122.254,96 | 3.244.592,12 | -122.337,16 |
| 3 | PRODUCCIÓN DE BIENES PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE. | 8.335.121,70 | 8.271.236,84 | 63.884,86 |
| 4 | ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO. | 1.453.191,96 | 2.084.879,04 | -631.687,08 |
| 9 | ACTUACIONES DE CARÁCTER GENERAL. | 4.612.239,70 | 4.500.260,62 | 111.979,08 |
| | | **28.707.012,61** | **29.888.817,03** | **-1.181.804,42** |

A táboa que se amosa a continuación, reflicte as contías dotada ás políticas de gasto de acordo ao contido da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, rexistrando tanto a variación porcentual como a contía. A síntese que se fai por políticas de gasto, posibilita facer unha avaliación obxectiva e comprobar cal é o destino final dos recurso públicos:

| | POLÍTICA | 2022 | % TOTAL |
|---|---|---|---|
| 16 | BIENESTAR COMUNITARIO . | 6.335.568,54 | 22,07 |
| 32 | EDUCACIÓN. | 5.242.367,79 | 18,26 |
| 23 | SERVICIOS SOCIALES Y PROMOCIÓN SOCIAL. | 2.556.653,37 | 8,91 |
| 15 | VIVIENDA Y URBANISMO. | 2.030.879,60 | 7,07 |
| 92 | SERVICIOS DE CARÁCTER GENERAL. | 1.926.778,29 | 6,71 |
| 13 | SEGURIDAD Y MOVILIDAD CIUDADANA. | 1.629.113,84 | 5,67 |
| 33 | CULTURA. | 1.499.993,46 | 5,23 |
| 34 | DEPORTE. | 1.455.705,22 | 5,07 |
| 93 | ADMINISTRACIÓN FINANCIERA Y TRIBUTARIA. | 1.216.568,34 | 4,24 |
| 17 | MEDIO AMBIENTE. | 1.108.963,04 | 3,86 |
| 91 | ÓRGANOS DE GOBIERNO. | 870.944,10 | 3,03 |
| 45 | INFRAESTRUCTURAS. | 739.564,76 | 2,58 |
| 94 | TRANSFERENCIAS A OTRAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS. | 597.948,97 | 2,08 |



DATA DE SINATURA: 01/03/2022 HASH DO CERTIFICADO: 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886
POSTO DE TRABALLO: Alcalde
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21D14FF2E130D6645B8
JOSE BLAS
DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

| | | | |
|---|---|---|---|
| **24** | FOMENTO DEL EMPLEO. | 485.601,59 | 1,69 |
| **43** | COMERCIO, TURISMO Y PEQUEÑAS Y MEDIANAS EMPRESAS. | 419.556,45 | 1,46 |
| **49** | OTRAS ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO. | 294.070,75 | 1,02 |
| **31** | SANIDAD. | 137.055,23 | 0,48 |
| **1** | DEUDA PÚBLICA. | 79.679,27 | 0,28 |
| **22** | OTRAS PRESTACIONES ECONÓMICAS A FAVOR DE EMPLEADOS. | 80.000,00 | 0,28 |
| | ***Total Presuposto . . .*** | **28.707.012,61** | |

